



## Desenvolvemento e perspectivas dun sínodo diocesano

---

Alfonso Novo Cid-Fuentes

A diocese compostelá acaba de celebrar un sínodo diocesano, o primeiro desde hai máis dun século. O sínodo é unha reunión convocada polo bispo para axudarlle no exercicio da súa función. Ten, por tanto, un carácter consultivo, non decisivo, xa que o Dereito Canónico subliña que o bispo é o único lexislador, polo que a el compete subscribir as declaracións e decretos sinodais. No momento de escribir estas liñas, atopámonos precisamente nesa fase: o bispo, á vista dos relatorios presentados ante o sínodo e aprobados por el, asumirá, total ou parcialmente, ou modificará segundo considere oportuno, aquilo que desexa que se converta en norma ou orientación na diocese. Polo menos no dereito presente, a sinodalidade, expresión da comunión da Igrexa e da corresponsabilidade dos seus membros, só se exerce de modo consultivo, prevalecendo na práctica o principio xerárquico. Que iso teña que ser así pode ser discutible, mais, de momento, como se adoita dicir, éche o que hai...

Con todo, nesta reflexión pretendo centrarme noutra cousa. A algúns pareceulles moi lento que un sínodo convocado en 2012 rematase en 2017. Habería que preguntarse, e non sen razón, se o resultado pagou a pena dun investimento tan longo de tempo. É verdade que houbo algúns atrasos imprevistos, como pode habelos en calquera proxecto, sobre todo se é un proxecto que envolve a participación de varias persoas que xa teñen outras múltiples ocupacións. Mais eses atrasos, como moito, xustificarian a dilación duns cantos meses. Por que, daquela, levou tanto tempo a realización do sínodo diocesano?

## 1.- Historia do proceso sinodal

Desde o principio, desde a secretaría xeral tívose claro que, antes de reunirse o sínodo propiamente dito, había que consultar a todo o pobo de Deus, a través fundamentalmente das parroquias, mais tamén doutras comunidades, acerca das cuestións fundamentais sobre as que o bispo quería que versase o sínodo: identidade, comunión e misión. Nunha carta publicada en xaneiro de 2013, o arcebispo Xulián Barrio explicaba por que eses tres temas: «Identidade, porque habemos revivir, e no seu caso redescubrir, que significa para nós mesmos ser discípulos e seguidores de Cristo. Comunión, porque o seguimento de Cristo nunca foi un asunto de individuos illados, senón que nos congrega na familia daqueles que invocan a Deus como Pai e parten xuntos o pan da mesa familiar, que é Cristo mesmo. Misión, porque o tesouro da fe e o gozo da comunión non poden ser vividos con espírito sectario, senón cunha aspiración á unidade de toda a familia humana.» Ao preparar os materiais de consulta ás parroquias e comunidades, tomouse a decisión de non illar os tres argumentos en tres documentos separados, senón de utilizalos como liña xeral que inspirase todos os documentos, aínda que é verdade que segundo que temas se tratasen, o seu emprego sería irregular. Con esta idea, elaboráronse catro proxectos sobre «Identidade cristiá e transmisión da fe», «A Igrexa como comunión», «A celebración da fe» e «A Igrexa na sociedade», respectivamente. A medida que se preparaban os documentos, xurdiu unha cuestión crucial, que ao final cristalizaría nun quinto documento: até que medida son válidas as nosas actuais estruturas pastorais, baseadas moitas veces nunha parroquia atomizada, para afrontar os retos que nos expón o anuncio do Evanxeo e a vivencia da comunión cristiá na nosa terra e no noso tempo? Era imprescindible tocar tamén a renovación da pastoral, e non só nas súas estruturas senón tamén nas actitudes.

Ao mesmo tempo que se ían elaborando os materiais, enviouse a todas as parroquias e comunidades relixiosas instrucións para a formación de grupos sinodais, de tal xeito que se puidese canalizar adecuadamente o sentir de todo o pobo cristián. Xa daquela era-

mos conscientes dos obstáculos que se nos ían presentar. Había que contar coa colaboración dos sacerdotes, mais iso non sempre ía ser fácil. Considerando a idade de moitos deles e a progresiva acumulación de parroquias no coidado pastoral dun só presbítero por falecemento ou xubilación dos compañeiros, en non poucos casos ía resultar moi difícil, cando non imposible, que puidesen dedicar tempo e esforzos para emprender unha tarefa nova de tal envergadura. A iso había que engadir receos e desconfianzas, non sempre infundados, xurdidos por diversos motivos. Nuns casos, polo cansazo e a desilusión ante tantos plans pastorais e outro tipo de iniciativas que parecían non chegar a ningún porto. Noutros, unha mirada medorenta ante os cambios, non só ante aqueles que puidesen sacarnos das nosas comodidades, senón mesmo das nosas incomodidades, pois a inercia nas nosas formas e maneiras é capaz mesmo de ancorarnos naquilo que sabemos que non convén.

Cumpría unha campaña de concienciación e de estímulo que, é preciso recoñecer, non sempre nin en todos os lugares se fixo do modo adecuado. Iso trouxo consigo a consecuencia de que moitos diocesanos quedaron sen a oportunidade de participar no proxecto colectivo en que nos atopabamos embarcados. Mais, volvendo a mirada cara ao positivo, alí onde se constituíron os grupos sinodais, houbo unha resposta en xeral entusiasta. Non só polas expectativas que podía espertar o propio sínodo, senón tamén, e en moitos casos sobre todo, polo feito mesmo de poder falar, reunirse e debater con liberdade sobre aspectos, ás veces conflitivos, da vivencia cristiá dentro da Igrexa.

Este proceso durou tres anos, durante os cales podería dar a impresión, desde fóra, de que o sínodo quedara arrecantado ou definitivamente esquecido. Mais nas parroquias e outras comunidades onde se reunían os grupos sinodais, a actividade seguía en plena ebulición.

Mentres tanto, as comisións redactoras dos materiais de traballo seguían coa súa actividade. A Comisión Xeral do Sínodo, entre outras funcións da súa competencia, foi opinando sobre os proxectos que se lles presentaban. Insistiuse desde a comisión en que os

cadernos que se enviaseen ás parroquias non debían ser tratados teolóxicos, canónicos ou pastorais, senón mais ben fichas manexables, tendo en conta a composición media dos grupos sinodais e os tempos dispoñibles. Así, cada un dos cadernos estaba formado por unha breve introdución seguida de catro ou cinco fichas que de forma concisa e nunha linguaxe non especializada ían expoñendo algúns dos aspectos do tema considerados máis importantes polas respectivas comisións redactoras. Así, no caderno sobre identidade cristiá e transmisión da fe, as fichas levaban os seguintes títulos: «A identidade cristiá e a evanxelización», «A parroquia como ámbito de transmisión e educación da fe», «A transmisión da fe na familia» e «A relixión na escola». O caderno segundo, sobre a comunión da Igrexa, estaba formado polas fichas «Igrexa e fraternidade», «Igrexa diocesana», «A parroquia», «A comunión de bens» e «Finalidade e uso dos bens eclesíasticos». O caderno sobre a celebración incluía tres fichas sobre os sacramentos, unha cuarta especificamente sobre a eucaristía e o domingo e unha quinta sobre os aspectos sociais da liturxia. O cuarto caderno trataba sobre a Igrexa e a sociedade. Sendo un tema tan amplo e complexo, optouse por centrarse nalgunhas cuestións que poden estar máis de actualidade, sobre todo nos medios de comunicación e na opinión pública: cultura, progreso, crise, ética social, bioética e familia. Por último, o caderno sobre a Renovación das estruturas pastorais tiña un esquema distinto. Despois de falar sobre o novo modelo de evanxelización, na liña sobre todo da *Evangelii Gaudium* de Francisco, había unha ficha única concentrada na implantación de unidades pastorais. En todos os cadernos, despois de cada ficha había unha serie de cuestións que non tiñan a finalidade de establecer un rixido cuestionario nin unha enquisa que debeses responderse. Só pretendían ser orientacións para que os grupos sinodais analizasen a realidade referente ao tema tratado na ficha. O que se pedía dos grupos era que formulasen propostas e suxestións que puidesen ser útiles á hora de preparar os textos que haberían ser discutidos na asemblea sinodal. Desde a secretaría, aínda que se leu todo o que se recibiu e se apreciaron todos os comentarios –algúns de moi alto nivel–, só se procesou aquilo que chegou en forma de propostas e suxestións.

A medida que ían chegando as achegas dos grupos sinodais cumpría recollelas de modo ordenado e manexable, o que non sempre foi fácil. Aquí cómpre facer mención ao papel importantísimo de quen se ofreceu, con dedicación totalmente voluntaria e gratuíta, para afrontar tan ardua tarefa. A recompilación das devanditas achegas foi enviada aos moderadores e aos secretarios dos grupos sinodais e púxose a disposición tamén na web diocesana, para que todos puidesen comprobar se as súas suxestións quedarán debidamente recollidas. Temos que dicir con satisfacción que, agás algunha anotación menor, non houbo ningunha obxección ao resultado dos respectivos resumos. Por certo, desde o principio a Secretaría do Sínodo asumiu o compromiso de recoller todas as achegas que chegasen dos grupos, sen excluír aquelas que tocasen temas delicados ou mesmo que tocasen temas que sabiamos que non poderían ser abordados polo sínodo, ao saír fóra da competencia dunha lexislación diocesana. E así se fixo, con agradecemento de moitos e para perplexidade dalgúns.

Chegaba a hora de ir preparando os distintos relatorios que se presentarían na asemblea sinodal. Por suposto, resultaba imposible recoller todas as achegas chegadas dos grupos. E non só as xa mencionadas, que caían fóra das posibilidades do sínodo. Non poucas veces desde distintos grupos chegaban propostas incompatibles entre si. Outras eran demasiado detalladas, chegando á nimiedade, como para poder ser incluídas no material sinodal. Algunhas aparecían claramente inviables ou, polo menos, pouco realistas. Mais, na medida do posible, tentouse recoller o sentir do pobo cristián consultado, sobre todo naqueles casos en que se percibía como maioritario.

Por fin, en outubro de 2016 inaugúrase o sínodo, cunha celebración da eucaristía na catedral e a reunión da primeira sesión. A composición do sínodo está determinada en gran parte polo Dereito Canónico, de tal modo que algúns (como vicarios, cóngos, arciprestes e membros do consello presbiteral) son membros natos, outros son elixidos (un sacerdote representando a cada arciprestado e laicos elixidos polo Consello Pastoral Diocesano) e

uns cantos designados polo arcebispo. O Dereito actual considera que o sínodo diocesano é unha asemblea de sacerdotes e outros fieis, o que xa dá a entender a preponderancia da presenza clerical sobre a laical. Sen dúbida, moito se ten adiantado respecto de modelos anteriores, en que os sínodos estaban exclusivamente compostos por sacerdotes. Mais probablemente aínda queda moito camiño por percorrer no recoñecemento da corresponsabilidade común de todos os cristiáns, non só no económico —porque iso si parece que o temos bastante asumido—, senón tamén no pastoral, no celebrativo e no administrativo.

## 2.- Dúas dinámicas

Cando escribo estas liñas estamos en tempo de Coresma. Un tempo que debe preparar á Pascua, non só liturxicamente, senón tamén como disposición a aquilo que na Pascua se celebra, como misterio dunha vida nova, dunha nova creación. A Coresma corre o risco de centrarse na represión de actitudes negativas, dentro do que poderíamos chamar unha dinámica da corrección: parchear os odres vellos, mais mantendo as actitudes fundamentais. En realidade, é, simbolicamente, como o é toda a liturxia, unha invitación cara á conversión: un replaneamento da nosa vida desde a perspectiva da motivación, que é a perspectiva da graza. Unha graza que non move forzando as vontades, senón atraéndoa. Non tanto unha loita contra o mal canto un entusiasmo motivado cara ao ben.

No sínodo, nas súas distintas etapas, tamén se notaron estas dúas dinámicas. Para algúns, a función do sínodo, se algunha tiña, era a de corrrixir algúns erros, mellorar algunhas prácticas ou perfeccionar as estruturas, mais conservando basicamente as formulacións, tanto persoais como pastorais. Fronte a esta dinámica da corrección, outros cremos que se trataba máis ben de movernos dentro da dinámica da conversión. Iso non significa descualificar sen máis o que xa existe, senón recoñecer que as nosas inercias, por medo ou comodidade, pónennos sempre no esvaradoiro da indolencia e do inmovilismo. Igual ca na vida cristiá a conversión nunca pode darse por descontada, precisamente por esas tenta-

cións que acabamos de apuntar, a nosa vivencia eclesial necesita lembrar sempre que estamos no camiño dunha perpetua conversión. *Ecclesia semper reformanda*. A Igrexa necesita unha conversión perpetua: nos seus membros e nas súas estruturas, porque o perigo de aceptar o xa sabido, de durmirmos no xa adquirido, sempre está aí.

Na transmisión da fe, na súa celebración, na súa vivencia comunitaria, na súa presenza no mundo... en todo iso é necesario manter unha dobre fidelidade: ao evanxeo e á humanidade real e concreta do noso aquí e agora. Cando hai uns cincuenta anos se puxo de moda a palabra «inculturación» moitos vírona coma unha novidade, agradable para algúns e perigosa para outros. Mais a inculturación non é un fenómeno do século XX. Forma parte de toda a historia da Igrexa. A fe e a cultura nunca foron magnitudes independentes que tivesen que atoparse artificialmente nun foro aséptico. Para ben ou para mal, a fe viviu sempre nunha cultura, e a cultura foi recibindo, a medida que o cristianismo se estendía, o influxo da fe. Para ben ou para mal, porque se unhas veces ese encontro –mellor habería que dicir inserción– entre fe e cultura serviu tanto para humanizar a sociedade como para dinamizar á Igrexa, noutras supuxo unha claudicación dos cristiáns ante o aceptable, sacrificando o necesario. A secularización do cristianismo non é un fenómeno novo, senón algo tan antigo, e tan necesario, como o propio evanxeo. Esa secularización axudou a desacralizar o poder, a recoñecer que Deus está no mundo, non no templo. Mais tamén contribuíu a que os servidores da comunidade eclesial asumisen as maneiras do poder secular. Neste sentido, podemos dicir que a secularización (usando agora o termo na súa connotación negativa) da Igrexa non empezou cando un cura puxo gravata, senón cando un bispo decidiu vestir coma un príncipe.

Non podemos, por tanto, conformarnos cunha dinámica correctiva, remendando algunha ca outra costura esfañada do noso tecido eclesial. Habemos de asumir unha actitude de conversión, non só para evitar o malo, senón para encamiñarnos cara á verdadeira vivencia, aquí e agora, do evanxeo; para comprender que o evanxeo

non é independente da súa forma de anunciálo. Se para anunciar o evanxeo necesitamos recorrer á violencia, á explotación ou ao enriquecemento, o mensaxeiro mataría á mensaxe. Construiríamos un acueduto, poida que fermoso e monumental, á conta de cegar o manancial do que teríamos que sacar a auga.

Non cabe dúbida de que este proceso non é fácil. Lembrarásenos, e poida que non sen razón, que estas ideas son fermosas, mais afastadas da realidade. Que a vida real, nas comunidades concretas, esixe atender a necesidades máis inmediatas. Como expresaba o xenial Quino por boca de Mafalda: «O urxente non deixa tempo para o importante». A teoría pode illarnos nun mundo ficticio no que os problemas reais da xente aparecen, como moito, como anécdota insignificante. A praxe pode envolvernos nunha dinámica na que os principios só son vagas ideas que nada teñen que ver coa realidade. A capacidade de dedicarnos ao primeiro sen esquecer o segundo esixe unha enerxía e unha sabedoría que poden non parecer deste mundo. Mais o reto do cristián é asumir, desde o paradoxo e o compromiso, que somos utópicos porque somos realistas, e somos realistas porque somos utópicos.

### 3.- Perspectivas

Moitas das propostas e reflexións do sínodo poden parecer difíciles de alcanzar. Algunhas, mesmo, totalmente inasumibles. Como fomentar os ministerios laicais cando nalgunhas comunidades nin sequera se atopa un lector para a eucaristía? Como vivir a comunión de bens cando todos sabemos que cada un tira para o seu? Como fomentar a acción pastoral conxunta se parece que na nosa terra cada fregrués (e cada párroco) vive baixo a sombra do seu propio campanario? Parece unha tarefa de tolos. Aínda que, postos a apostar por imposibles, quen pode reprochar esa utopía a aqueles que seguen lendo, como texto orientativo e normativo, algo tan absurdo como o de: «Sede perfectos, como o voso Pai celestial é perfecto» (Mt 5, 48)? Probablemente nunca chegaremos a ser a Igrexa que debería ser, o cristián que debería ser, a persoa que debería ser. Este sínodo é a expresión, limitada e deficiente, nunca desanima-



da, dunha conciencia, sempre imperfecta, mais de cando en vez sacudida para non adormecerse, de que o imposible é posible.

Para concluír, vou permitirme transcribir as dúas mensaxes finais que lanzou o sínodo á comunidade cristiá e á sociedade que vive no territorio da diocese compostelá. Neles exprésase, mellor ca en calquera artigo, un programa e unha esperanza, que esperamos non defraude.

### *3.1. Mensaxe final do sínodo diocesano*

Ao concluír o período de sesións, o Sínodo Diocesano volve inevitablemente a vista cara a atrás para lembrar os momentos vividos desde o que xa parece afastado ano 2012, cando o noso Arcebispo, Xulián Barrio Barrio, convocaba á diocese compostelá para que se embarcase con ilusión decidida neste proxecto. A memoria tórnase agradecemento cara ás parroquias e outras comunidades eclesiais que se envorcaron na preparación do sínodo, sabendo que a Igrexa é corresponsabilidade de todos, e en particular aos grupos sinodais que periodicamente se reuniron para reflexionar sobre os temas propostos e, a partir de tales reflexións, ofrecer suxestións e propostas concretas para a marcha do sínodo. Sería desexable que en todas as parroquias da diocese se tivese canalizado a voz da comunidade crente para que estivese debidamente representada. Mais hoxe debe primar a gratitude sobre a queixa.

O noso pastor sinalara, no momento de convocalo, tres eixes ao redor dos cales debía xirar o sínodo: identidade, comunión e misión. Deste xeito, daba a entender que o sínodo non podía limitarse a unha operación cosmética que embelecese a aparencia da nosa Igrexa polo simple procedemento de maquillar as súas deficiencias máis visibles, senón que tería que chegar ás raíces do noso ser e do noso actuar como crentes: que significa ser cristián na nosa sociedade de aquí e de agora, na Galicia do século XXI; como podemos vivir e actuar en canto tales, dentro da Igrexa, e desde a Igrexa cara á sociedade e cara ao mundo; que temos que ofrecer ás persoas do noso tempo; como a nosa mensaxe pode seguir sendo anunciada como boa noticia, en particular para os pobres... A todo iso ha-

bía que engadir o reto de reorganizar as nosas estruturas pastorais nunha sociedade na que a configuración demográfica non é a de hai unhas décadas, e tendo en conta tamén –sen ser este o estímulo principal, mais sendo desde logo un factor que non pode ignorarse– o descenso no número de sacerdotes, o cal, sen ser unha boa noticia, si pode ser un toque de atención para recuperar algo que é propio da Igrexa, e non só dunha Igrexa en crise: que a diversidade de ministerios obríganos a recoñecer o papel do laico dentro dela, saíndo da clericalización excesiva a que estabamos afeitos.

Desde esta perspectiva, elaboráronse cadernos de reflexión para os grupos sinodais agrupados en cinco temas: a transmisión da fe, a Igrexa como comunión, a celebración da fe, a Igrexa na sociedade e a renovación das estruturas pastorais. As achegas dos grupos serviron para redactar os instrumentos de traballo que serían sometidos a revisión e a votación pola asemblea sinodal. Froito diso son os cinco documentos aprobados, cada un dos cales consta dunha introdución e unha serie de constitucións que indican liñas de actuación para a nosa diocese no futuro. Estes documentos preséntanse ao bispo para que, coas revisións que considere oportunas, sexan aprobados por el e se convertan así en normativa diocesana. Por suposto, o sínodo non pode entrar nos mínimos detalles, algo que máis ben corresponderá facer aos directorios e estatutos que se promulguen nos próximos tempos, mais si ofrece inspiracións para orientar a nosa vida e pastoral diocesanas.

Por iso, despois de volver a mirada cara ao pasado, habemos de facelo agora, de forma decidida, cara ao futuro. Non é pequena a tarefa que se nos presenta ante os ollos, e non é a menor das tentacións a de caer no desánimo ou na frustración ao ver que as cousas non proceden ao ritmo desexado. Quizais algunhas, ou mesmo poida que moitas, das disposicións propostas polo sínodo parezan irrealizables, polo menos a curto prazo. Non se nos ocultan as dificultades, que poden proceder tanto das dificultades materiais, como da escaseza de persoal ou –como habemos de recoñecer con tristeza, mais tamén con realismo– das inercias e comodidades en que podemos estar instalados. O sínodo será só papel mollado se

á renovación das estruturas non a acompaña unha conversión nos corazóns. Pouco poderá facer a Igrexa para evanxelizar se os seus membros non admiten nas súas vidas que o evanxeo é a boa nova para a vida do mundo; se os seus ministros non se convencen de que han vivir para o evanxeo; se non sentimos a urxencia de ser testemuñas de Xesucristo para anunciar, coa forza do Espírito, o amor de Deus Pai.

Neste sentido, habemos recoñecer que o sínodo non lograría o seu obxectivo se só cambia unha estrutura por outra mais non consegue facernos sentir con maior intensidade a graza inmerecida da que somos portadores, para facernos así tamén a nós gratuítos cara a ese mundo ao que, como Igrexa, fomos enviados como testemuñas. Mais, e aquí habemos poñer a nosa esperanza, será un éxito se, malia ás dificultades, malia a non poder poñer en práctica inmediatamente todas as súas directivas, provoca no conxunto da comunidade cristiá o desexo de ser cada vez máis fieis a esa vocación ao servizo á que fomos chamados.

Desde esta esperanza, que é desexo e confianza que nos veñen de Deus, dirixímonos a todos os diocesanos para animalos a participar nesta etapa, que pode parecer a máis dura, mais que, coa graza divina, será tamén a máis fecunda, na que as orientacións sinodais deberán poñerse en práctica. De todos, sacerdotes, relixiosos e segrares, cada un desde a súa propia responsabilidade eclesial, dependerá que todo isto non quede nun soño.

Facemos un chamamento ás familias cristiás, para que sexan testemuño ante o mundo dun amor que transcenda o inmediato para mostrar a súa vocación de eternidade; para que, a través das dificultades económicas e sociais, saiban mostrar a homes e a mulleres do noso tempo a supervivencia dos valores de unidade, diálogo, comprensión e solidariedade; para que cada vez con máis entusiasmo asuman a responsabilidade na formación integral dos fillos, e en particular para que saiban ser os seus primeiros evanxelizadores e catequistas.

Dirixímonos tamén aos sacerdotes, para que reaviven cada día a vocación primeira, aquela que lles fixo lanzarse con entusiasmo

ao seguimento de Xesús no servizo á súa Igrexa. Non esquezan, sobre todo aqueles que teñen responsabilidades diocesanas ou parroquiais, que en gran medida o éxito ou o fracaso da aplicación do sínodo dependerá deles. Aínda sabendo que as responsabilidades pastorais son cada vez maiores para un número máis reducido de presbíteros, pedimos que non permitan que o desánimo ou o cansazo freen o impulso renovador deste sínodo, senón que, ao contrario, se convertan nos primeiros promotores da renovación persoal e pastoral da diocese.

Aos membros dos institutos de vida consagrada, das sociedades de vida apostólica e dos movementos eclesiais pedimos que sigan ofrecendo con xenerosidade a súa espiritualidade e o seu carisma, tan necesarios á Igrexa, en consonancia coas orientacións do sínodo diocesano, sabendo que o fin de toda a Igrexa é o mesmo para todos: o anuncio da boa noticia de Xesús, o ser signo e instrumento da unión da humanidade con Deus e da unidade de todo o xénero humano, o levar a santificación do Espírito a todos os fillos de Deus.

A todos os fieis segrares, novos, adultos e maiores, en fin, pedímoslles que, na medida das súas posibilidades, dentro das actividades específicas da Igrexa como, sobre todo, na súa vida secular, no traballo, na política, na economía e na convivencia civil, saiban ser portadores na caridade da esperanza cristiá, da que este sínodo só pretende ser un humilde testemuño.

Baixo a protección materna da Virxe María e coa protección de Santiago, o Apóstolo Peregrino, pedimos sobre toda a nosa comunidade diocesana a bendición do Pai das grazas, do noso Señor Xesucristo e do Espírito Santo Paracleto.

### 3.2. *Comunicado final*

Acaba de rematar o período de sesións do sínodo diocesano. Durante catro anos a Igrexa compostelá ten reflexionado sobre a súa identidade e a súa actuación, buscando ser cada vez máis fiel ao Evanxeo, sabendo que o Evanxeo ha ser boa nova para as xentes da nosa terra e o noso tempo.

Nas propostas formuladas polas parroquias e outras comunidades, falábasenos dunha Igrexa:

- menos clerical e máis corresponsable, aberta á voz e a participación de todos os seus membros;
- menos centrada en si mesma e nos seus problemas, para estar máis aberta ao mundo e á súa misión;
- menos preocupada da súa honra e máis envorcada en honrar ao Señor que sae ao seu encontro nos máis necesitados;
- que antes de ser mestra, saiba ser discípula, no seguimento da palabra e no exemplo de Xesús;
- que antes de ofrecer respostas saiba escoitar as preguntas que o mundo lle dirixe.

Froito dos traballos sinodais foron cinco documentos que buscan:

- Organizar a atención pastoral de forma máis adecuada aos cambios demográficos, promovendo unidades pastorais que agrupen varias parroquias.
- Mellorar o noso modo de vivir e transmitir a fe.
- Promover un maior sentido de corresponsabilidade entre todos os membros da nosa Igrexa, no pastoral, no administrativo e no económico.
- Revisar as nosas celebracións, para que sexan cada vez máis unha celebración viva dunha fe comprometida.
- Impulsar unha maior conciencia social na nosa diocese en distintos ámbitos: cultural, educativo, político, económico, comunicativo... cunha especial atención ás persoas social e economicamente máis débiles.

Toca agora poñer en práctica estes proxectos, sabendo que non sempre será fácil, mais contando coa esperanza que nos anima, co Espírito que nos impulsa a manifestar ao mundo o amor misericordioso de Deus que se manifestou en Xesucristo.

**Alfonso Novo Cid-Fuentes**  
Secretario xeral do sínodo diocesano  
de Santiago de Compostela (2012-2017)